

D./Dña..... con DNI....., pai/nai do alumno/a..... do centro públicodependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia,

Segundo a lei vixente, os centros docentes realizarán unha avaliación individualizada a todos os alumnos e alumnas de terceiro e sexto curso de Educación Primaria, que comprobará o grao de competencias en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación co grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática.m

COMUNICO

Que o meu fillo fai a proba só por imperativo legal, respecto da que como nai/pai/titor **manifesto á miña oposición** polas seguintes razóns

- Por non clarificarse nos distintos textos legais que non ten carácter avaliativo.
- Por basearse nunha adaptación que non coincide co establecido na LOMCE
- Por non estar claro como afectará ao expediente ou ao percorrido escolar do meu fillo/a no caso de que a avaliación resulte desfavorable nin que tipo de medidas ordinarias e extraordinarias lle aplicarán.
- Por avaliar exclusivamente parte das competencias.
- Por reducirse a valorar o rendemento dos alumnos e non o de todos os axentes do sistema educativo, conforme o indicado na declaración da FANPA
- Por focalizar o ensino para a preparación das ditas probas, alterando os calendario curriculares e o foco da ensinanza.
- Por ser pouco rigorosa a súa aplicación xa que é o mesmo centro quen se avalía a si mesmo.
- Por ser discriminatoria con respecto a outras comunidades autónomas, que baixo o mesmo marco legal non realizan a avaliación.
- Por dedicar uns recursos escasos que estarían mellor empregados en máis medios e máis persoal para a función docente.
- Por non ser totalmente anónima.

E, SOLICITO:

1. A anulación e retirada das avaliacións tanto a de 6º curso como a de 3º de primaria que realizou o meu fillo/a.
2. Da Secretaría Xeral, a cancelación e destrución dos datos relativos ao meu fillo/a que vaian constar no chamado ficheiro «avaliación do sistema educativo» por non ser pertinentes.

CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA